

A MIÑA BURRIÑA

**A MIÑA BURRIÑA CANDO VAI Ó MUÍÑO, VAI
TODA ENFARIÑADA, CHEÍÑA DE FRÍO.
CHEÍÑA DE FRÍO E MÁIS DE XIADA, AI!
A MIÑA BURRIÑA SEMPRE VAI CARGADA.**

**ANQUE VOU PRÓ FIADEIRO
NON VOU POR FIAR NA ROCA. (BIS)
VOU PRA TOCA-LO PANDEIRO, AI!
QUE ESTA NOITE A MIN ME TOCA. (BIS)**

RETROUSO

**ESTA NOITE HEI DE IR A VERTE
NENA NON ME TEÑAS MEDO. (BIS)
DÉIXAME A PORTA TRANCADA, AI!
CUNHA PALLA DE CENTEO. (BIS)**

RETROUSO

**E ESTA NOITE E MAILA OUTRA
E MAILA OUTRA PASADA, (BIS)
ABALEI UNHA PEREIRA, AI!
QUE NUNCA FOI ABALADA. (BIS)**

RETROUSO

**A MIÑA AVOÍÑA, POR NOITAR NO MUÍÑO,
ANDA ENFARIÑADA MORRENDO CO FRÍO.
MORRENDO CO FRÍO CANDO VAI XIADA,
A MIÑA AVOÍÑA METEUSE NA CAMA.**